



RESOLUCIÓN DO 19 DE MARZO DE 2025 DA DIRECCIÓN XERAL DE DESENVOLVEMENTO PESQUEIRO QUE MODIFICA A RESOLUCIÓN DO 20 DE FEBREIRO DE 2025 POLA QUE SE CONVOCAN DOUS CURSOS (2) DE RECOLECTOR/A DE RECURSOS ESPECÍFICOS CON TÉCNICAS DE MERGULLO NO INSTITUTO GALEGO DE FORMACIÓN EN ACUICULTURA (IGAFA) NA ILLA DE AROUSA

ANTECEDENTES

O día 18 de marzo de 2025 tiveron lugar as probas físicas en piscina para as persoas matriculadas nos dous cursos de recolector de recursos específicos con técnicas de mergullo a realizar no IGAFA do 1 ao 28 de abril e do 28 de abril ao 16 de maio de 2025, respectivamente. Soamente 7 persoas superaron as probas, polo que quedan vacantes todas as prazas do segundo curso.

Como consecuencia disto, procédese a convocar outro prazo de matrícula para as 12 prazas do curso de recolector de recursos específicos con técnicas de mergullo a realizar do 28 de abril ao 16 de maio. Tamén é necesario convocar outras probas físicas en piscina e hiperbáricas.

Visto o anteriormente exposto, esta dirección xeral ao abeiro das súas competencias RESOLVE:

Convocar un novo prazo de matrícula para o curso de recolector de recursos específicos con técnicas de mergullo, que será do 20 de marzo ao 4 de abril de 2025

As probas físicas de piscina realizaranse o 10 de abril de 2025 ás 09:30h. O listado das persoas seleccionadas para realizar estas probas físicas publicaranse o 8 de abril de 2025 na páxina web da Consellería do Mar (<https://mar.xunta.gal/es/formacion/informacion-del-alumnado/mergullo-profesional>) e no taboleiro de anuncios do IGAFA.

As persoas seleccionadas deberán presentar, o día das probas físicas en piscina, un certificado médico, en impreso oficial, que as cualifique "coa aptitude física necesaria para a realización das probas físicas en piscina esixidas para o acceso ao curso de recolector/a de recursos específicos con técnicas de mergullo, segundo o artigo 4.1.a) da Orde do 1 de outubro de 2008 (DOG nº 196, do 09/10/2008)"

As probas da cámara hiperbárica será o 23 de abril de 2025 ás 09:30h

As persoas seleccionadas deberán presentar o día da proba da cámara hiperbárica, un certificado médico que as cualifique como aptas para facer

CONSELLERÍA DO MAR
DIRECCIÓN XERAL DE DESENVOLVEMENTO PESQUEIRO

Rúa dos Irmandiños, s/n- Salgueiriños
15781 Santiago de Compostela
T. 981 546 176
cm.dxdeseenvolvemento@xunta.gal



esta proba. Este recoñecemento médico deberá ser realizado por persoal facultativo habilitado, tal como se establece no artigo 3.2 da Orde do 1 de outubro de 2008, que regula o procedemento de obtención da certificación profesional para a extracción de recursos específicos con técnicas de mergullo na Comunidade Autónoma de Galicia.

Contra esta resolución, que non esgota a vía administrativa, poderase interpoñer recurso de alzada perante a consellería do Mar, no prazo dun mes, desde a notificación da presente resolución, segundo se dispón nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Santiago de Compostela,
A directora xeral de Desenvolvemento Pesqueiro

Marta Villaverde Acuña

CONSELLERÍA DO MAR
DIRECCIÓN XERAL DE DESENVOLVEMENTO PESQUEIRO

Rúa dos Irmandiños, s/n- Salgueiriños
15781 Santiago de Compostela
T. 981 546 176
cma.dxdesevolvemento@xunta.gal

